



Propostas da CGENDL para o novo Secretario Xeral de Política Lingüística

1. Diálogo e negociación con todos os actores sociais que pulan pola normalización da lingua para chegar a consensos amplos que permitan traballar nos obxectivos fixados na Lei de Normalización Lingüística.
2. Derogación do decreto 79/2010 porque ataca directamente a supervivencia do noso idioma ao facer que o estudantado galego non teña unha formación necesaria na lingua propia de Galicia.
3. Elaboración dun decreto de promoción do idioma galego no ensino a partir do consenso acadado no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, refrendado por unanimidade no Parlamento Galego coa finalidade de asegurar que o alumnado rematase os seus estudos obrigatorios con plena competencia en ambas linguas oficiais.
4. Implantación de liñas de galego en Educación Infantil que posibiliten un ensino na nosa lingua nos primeiros anos de escolarización. Eliminación da enquisa programada para escoller a lingua nesta etapa, porque ademais de enfrontar á sociedade e ser excluínte, elimina a aprendizaxe en galego nos contornos urbanos e semiurbanos a pesar da opinión dunha importante porcentaxe das familias.
5. Implantación progresiva dos Programas Integrados de Linguas, única maneira real de que o alumando aprenda a lingua propia e desde ela adquira competencias noutras linguas.
6. Fomento desde a administración da elaboración de recursos didácticos, actualizados e de calidade para impartir aulas en galego e tamén para a súa aprendizaxe por parte do alumnado estranxeiro e do que ten necesidades educativas especiais.
7. Dotación ao Programa Abalar de materiais en galego (sendo este escasísimo incluso para aquelas materias que deben impartirse na nosa lingua), para que o galego non fique abeirado nas novas tecnoloxías como está a acontecer.
8. Apoio decidido aos medios de comunicación en galego.

9. Impulso dun cambio de enfoque na programación dos medios de comunicación públicos, co obxectivo de ofrecer unha oferta de lecer máis orientada a un público xuvenil e aos sectores máis dinámicos da sociedade galega.

10. Deseño de campañas públicas de promoción do idioma desde unha perspectiva transversal, atendendo ás necesidades específicas de cada colectivo ou grupo social, cun enfoque concreto e pragmático, orientado a fomentar a autoestima cara ao idioma, así como o seu uso en todos os contextos posibles.

Canto aos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística:

1. Defensa dos ENDL fronte aos os ataques criminalizadores que sufrimos e seguimos a sufrir por parte de sectores antidemocráticos que unicamente buscan a desaparición da nosa lingua.

2. Promoción dunha coordinación real das actividades normalizadoras que parta dunha planificación do labor normalizador dos equipos atendendo ás súas circunstancias sociolingüísticas, marcando obxectivos e deseñando posibles actividades para desenvolver de xeito coordinado.

3. Impulso da coordinación entre os Equipos para así optimizar recursos e esforzos e conseguir avances no proceso normalizador.

4. Implementación de medidas que faciliten o traballo diario a través da regulación de horas de dedicación para os membros dos Equipos que deben pasar a considerarse dentro do cómputo das horas lectivas.

5. Desenvolvemento de programas formativos para os e as docentes dos Equipos e das persoas interesadas na normalización da lingua no ensino, que respondan ás súas necesidades reais e que ofrezan claves para resolver as novas situacións que estamos a vivir nos centros (que van desde a redacción dos PLC ata a orientación no deseño de programación).

6. Orientación correcta do traballo normalizador que pasa por estar pendente dos proxectos dos Equipos, da súa situación e problemática particulares.

7. Apoio ao traballo diario dos Equipos que precisan sentir que a administración está do seu lado, que os apoia e que impulsa o seu labor.

8. Apoio económico para unha planificación seria do traballo: pagamento do que se adebeda do curso 2010-2011 e convocatoria das axudas deste ano 2011-2012.